

NOTA INFORMATIVA PARA A EXENCIÓN DA REALIZACIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO

Exención do exercicio de lingua galega

Segundo recollen as bases polas que se rexe este proceso selectivo, estarán exentas de realizaren este exercicio as persoas aspirantes que acrediten que, antes da finalización do prazo sinalado para presentar a solicitude para participar no proceso selectivo, posúen o Celga 3 ou o título equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

Presentación de documentos xustificativos

Os documentos que xustifiquen a exención (orixinais ou fotocopias compulsadas) deberán ser presentados polas persoas aspirantes que superen os dous primeiros exercicios no Rexistro xeral do Parlamento de Galicia no prazo máximo de **tres (3) días hábiles**, contados desde o día seguinte ao da publicación das cualificacións do segundo exercicio.

Presentación electrónica

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica , de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro.

Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se mantiveren en soporte electrónico.

Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderán cotexarse co orixinal.